



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 29 DE SETEMBRO DO 2016.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ
(PSOE)

Concelleiros/as :

D. RICARDO GONZALEZ AMARO
(PSOE)
D^a. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)
D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ
TRAVIESO (PSOE)
D. CESAR MANUEL FERNANDEZ
GIL (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ
(PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ
(PP)
D. XACOBE GARCIA SOTO (B.N.G.)
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ
(AGRUPACION DE ELECTORES
RIBEIRO EN COMUN)
D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ
(CxG-CCTT)

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodriguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día vintenove de setembro de 2016 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS, QUE FORON AS DO 28 DE XULLO E 30 DE AGOSTO PASADO (ORDINARIA E EXTRAORDINARIA RESPECTIVAMENTE).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección as actas do 28 de xullo de 2016 (ordinaria) e 30 de agosto de 2016 (extraordinaria), ao que se lle respostan negativamente, resultando aprobadas por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 25 de xullo; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de xullo; unha, sobre aboamentos..

Do 27 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 28 de xullo, dúas; unha, sobre contratación de persoal para realización de servizos; unha, sobre concesión de vacacións.

Do 29 de xullo, cinco; unha sobre delegación de competencias; unha, sobre nomeamento provisional de secretario; dúas, sobre concesión de vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa de obras.

Do 01 de agosto, dúas, sobre aboamentos.

Do 02 de agosto, dúas, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 04 de agosto, cinco; unha, sobre lugares para colocación propaganda electoral; unha, sobre locais para actos campaña electoral; dúas, sobre arquivo expedientes; unha, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 05 de agosto, dúas; unha, sobre altas no Padrón de Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de agosto; tres; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre arquivo de expediente; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de agosto, cinco; unha, sobre expedición tarxeta estacionamento; unha, sobre ocupación vía pública; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de agosto, tres; sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 11 de agosto, dúas; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de agosto, unha, sobre concesión de vacacións.

Do 13 de agosto, dúas; sobre concesión de vacacións.

Do 15 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 16 de agosto, dúas, unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 17 de agosto, tres; unha, sobre permiso lactación; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de agosto, oito; unha, sobre concesión de vado; tres, sobre concesión servizo xantar na casa; dúas, sobre arquivo expedientes; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de agosto, unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 22 de agosto, dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de agosto, dúas; unha, sobre concesión de vacacións; unha sobre aboamentos.

Do 24 de agosto, tres; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras ; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de agosto, unha, sobre aboamentos.

Do 26 de agosto, unha; sobre concesión servizo axuda no fogar.

Do 29 de agosto, tres; unha, sobre concesión de vacacións; dúas. sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 30 de agosto, cinco; unha, sobre delegación de competencias; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre arquivo de expediente; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 31 de agosto, nove; unha sobre concesión vacacións; cinco, sobre eficacia comunicación previa obras; tres, sobre aboamentos.

Do 01 de setembro; dúas, sobre aboamentos.

Do 02 de setembro; catro; unha, sobre delegación de competencias; unha, sobre concesión de vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 05 de setembro; catro; dúas, sobre reposición legalidade urbanística; dúas, sobre aboamentos.

Do 06 de setembro; tres; unha, sobre ampliación prazo presentación documentación expediente; unha, sobre horario instalacións deportivas; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de setembro; catro; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; tres, sobre aboamentos.

Do 08 de setembro, unha, sobre aboamentos.

Do 09 de setembro; catro; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; tres, sobre aboamentos.

Do 12 de setembro; tres; unha, sobre orde de execución obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 13 de setembro, seis; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión de vacacións; catro, sobre aboamentos.

Do 14 de setembro; oito; unha, sobre selección persoal; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre arquivo expediente; catro, sobre aboamentos.

Do 15 de setembro, dúas; unha, sobre reclamacións en materia de recollida lixo e IBI U.; unha, sobre concesión de vacacións.

Do 16 de setembro; dúas; unha, sobre devolución de aval; unha, sobre aboamentos.

Do 17 de setembro, unha, sobre aboamentos.

Do 20 de setembro, tres; unha, sobre modificación permiso lactación; dúas, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 21 de setembro, tres; unha, sobre vado permanente; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de setembro; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de setembro; dúas; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de setembro; unha sobre concesión servizo xantar na casa.

Do 27 de setembro; unha, sobre contratación persoal para servizos.

3.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G., SOBRE A ELABORACION DUN PLAN ESTRATEXICO DE COMBATE DA VIOLENCIA MACHISTA E LGTBIFOBIA.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Benestar Social de data 21 de setembro de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido a Sra. Presidenta da Comisión da conta dunha proposta do grupo municipal do B.N.G., sobre a elaboración dun Plan estratéxico de convate da violencia machista e Lgtbifobia que de seguido transcríbese: "**PLAN ESTRATEXICO DE COMBATE DA VIOLENCIA MACHISTA E LGTBIFOBIA.-**

Inda que as institucións e a sociedade ten avanzado moito neste ámbito vemos como se repiten cada vez mais os actos de violencia contra as mulleres. Na situación de crise sistémica actual vemos como son moitas as familias que están en situacións económicas difíciles, unha situación que se fai mais notábel para as mulleres. Moitas veces adscribimos só este tipo de actos violentos a matrimonios consolidados ou a parellas dunha certa idade. Mais a realidade dinos que son cada vez mais as situacións de violencia e machismo que se dan nas parellas mozas e nas relacións a idades temperas. A situación das mulleres mozas coa crise vese agravada. Como tódolos mozos vense obrigadas a, unha vez rematados os estudos, emigrar ou a volver para casa e seguir dependendo dos proxenitores. Esta situación de dependencia leva a que sexa mais difícil superar as situacións de violencia de xénero. Son moitas as mozas de entre 16 e 30 anos que se ven en situacións de violencia machista e son moitos os casos de homes, desa franxa de idade, con actitudes machistas froito dunha educación sexista e androcéntrica.

Asemade, a falta de información para menores que se ven en conflito coa súa identidade sexual ou de xénero fan necesario un plan estratéxico municipal para dar saída a esa falta de información.

Non existe na Galiza forma, mais ala das posibilidades que nos da a internet - nun ámbito solitario e desprotexido-, de atopar formas para encamiñar os sentimentos e pensamentos froito dunha disfobia de xénero ou dunha dubida na nosa identidade sexual.

Tralo desmantelamento dos centros Querote, o rural fica sen canles de información tanto nos casos de lgtbifobia como nos de violencia contra as mulleres. Non podemos deixar sò a expensas dos centros educativos, que teñan a ben introducir



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

nas súas dinámicas pedagóxicas, a necesaria destrución dos roles de xénero e a visibilidade lgtbi. Queda curto xa, a mera fórmula institucional de despregar bandeiras ou faixas dos balcóns consistoriais e é preciso tomar as rendas dende os concellos para facer ver a sociedade a situación na que se atopan mozas e mozos da nosa contorna.

Son moitas as capacidades que os gobernos municipais teñen neste eido e tamén son moitas as competencias en educación que se atribúen aos propios gobernos municipais.

Solicita:

1. Instar a xunta a modificar a lei Orgánica de Violencia de Xénero e introducir o estatuto de Vítimas do feminicidio.

2. Proceder dende o goberno local ao desenvolvemento dun plan estratéxico contra a violencia machista e a lgtbifobia

3. Introducir o principio de igualdade nas diferentes accións culturais municipais. Impulsar producións culturais e artísticas acordes co principio de igualdade. Alentar a participación da poboación nas diferentes manifestacións culturais municipais.

4. Desenvolver charlas e actividades paralelas tanto na rúa como en colaboración cos centros de ensino públicos do concello, que traballen na prevención dos casos de violencia machista e na lgtbifobia.

5. Promover a corresponsabilidade entre homes e mulleres no ámbito doméstico e nos coidados a persoas dependentes. Impulsar o establecemento de medidas locais de conciliación de tempos.

6. Artellar canles de comunicación coas mozas e mozos do concello para desenvolver fórmulas que erradiquen da nosa sociedade a violencia e que permitan facer participe a propia sociedade da súa eliminación".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para mostrar a conformidade coa proposta presentada, indicando que o Concello debe involucrase no tema, propoñer actividades e tratar de impulsar accións encamiñadas a erradicar este tipo de comportamentos.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (B.N.G., P.S.O.E., Agrupación de Electores Ribero en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o pleno os membros do P.P.. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. García Soto, para dicir que o propósito desta moción é o tratar de previr a violencia de xénero e a lgtbifobia; dí que en días pasados sinalouse a través dos medios de comunicación o acoso as mozos/as a través das plataformas informáticas, polo que con este tipo de iniciativas tratase de que a xente nova sepa onde acudir, finalizando a súa intervención dicindo que estas cuestións xa están a ser implementadas noutros concellos similares a Ribadavia.

O Sr. Vázquez López, manifesta o apoio do seu grupo a proposta presentada.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. Fidalgo Martínez, manifesta a súa conformidade coa proposta presentada, sinala que o punto 2º do acordo é transversal a todos e considerará importante o desenvolvemento do plan estratéxico, dí que o punto 4º é o máis importante xa que considera que hai que involucrar neste tema os centros escolares. Finaliza a súa intervención facendo fincapé nos diversos porcentaxes de acoso e mobing que se producen nos centros escolares.

O Sr. Fernández Gil, dí que estamos ante un problema serio sinalando que todo o que pertence a esfera persoal do individuo debe ser protexido; dí que é unha proposta en positivo e o seu grupo vai a votar a prol. Finaliza dicindo que é un tema no que ten que haber colaboración por parte dos centros escolares sinalando que no propio curriculum educativo estes temas están recollidos.

A Sra. Fernández Travieso, sinala que como non podía ser doutra maneira o seu grupo está en contra de calquera tipo de violencia e por suposto contra a violencia de xenero; anuncia o voto a prol da proposta e sinala que levaran os colexios estas cuestións e faranse todo tipo de actividades co obxecto de concienciar os mozos/as.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

4.-MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

O Sr. Fidalgo Martínez, voceiro do grupo municipal Agrupación de electores Ribeiro en Comun, fai a presentación das seguintes mocións de urxencia:

PRIMEIRA.-

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O CONCELLO MELLORE A SEGURIDADE CIDADÁ PARA O TERMO MUNICIPAL DE RIBADAVIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos tempos véñense producindo roubos e ataques contra propiedades municipais, así como a subtracción de bens públicos que significa unha perda importante de recursos municipais.

Para a veciñanza ese risco tamén existe, e mesmo se teñen producido casos e situacións de indefensión, que non poden suceder e deben ser evitados. Situacións nas que un cidadá non ten a quen chamar nin recorrer en caso de necesidade.

Existe unha plantilla de Policía Local de 9 traballadores, o que en relación a Concellos de tamaño similar, significa unha forza importante. Pero hai que dotala de recursos para que poidan facer o seu traballo.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

No pasado déronse casos de roubos nocturnos dentro dos termos municipais de Ribadavia, en instalacións municipais e particulares. Recentemente nalgún caso volveron suceder: Roubo de material no palco da música da Alameda. Roubo de cableado e material eléctrico nas instalacións do Xestal.

O 5 de agosto de 2016, o noso grupo rexistra escrito despois de ser informado do roubo de material eléctrico e de cableado nas instalacións deportivas do Xestal. Sendo a segunda vez que acontece un roubo de cableado nestas instalacións.

o 21 de setembro de 2016, o noso grupo recibe informe da Policía Local sobre "Medidas de Seguridade en Instalacións Municipais". Neste informe detallase que o servizo nocturno da Policía Local funciona a maioría dos meses do ano entre 10 e 12 noites por mes. Pero reconece que hai meses nos que o servizo non se chega a realizar ningunha noite ou nos que é simbólico. En dito informe afirmase tamén que "debe percibirse unha presenza policial máis continuada", xa que como mínimo debe dificultarse a acción delictiva.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. **Que se elabore un Plan de Seguridade para Ribadavia.**
2. **Se dote un orzamento e recursos que posibilite aumentar a nocturnidade do servizo que presta a Policía Local de Ribadavia.**
3. **Se coordine con outros corpos de seguridade dito servizo de nocturnidade, garantindo sempre que cando a Policía Local non poida, haxa unha patrulla de garda no termo municipal de Ribadavia".**

De seguido sométese a votación a urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para sinalar que a exposición de motivos é suficientemente explícita; dí que se ben é certo que non hai alarma social se hai un problema, di que a policía local non está a facer a nocturnidade todos os días e de feito o informe do Cabo-Xefe da policía o corrobora sinalando que é unha cuestión monetaria, en concreto 40 euros/noite, cantidade que lle parece razoable; en canto os acordos sinala que van por incrementar o orzamento adicado a estas cuestións e unha maior colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado.

O Sr. Vázquez López, sinala que lle parece razoable a exposición de motivos da moción se ben él incidiría máis no tema de colaboración da garda civil, anuncia o seu apoio a moción presentada.

O Sr. Garcia Soto, dí que coincide co contido da moción, en concreto coa demanda dos profesiniais como co feito de que os cidadans teñen dereito a ter seguridade.

O Sr. Fernández Gil, sinala que o problema existe, de feito o seu grupo xa o puxo de manifesto varias veces en comisión informativas, cree que é necesario un plan de seguridade.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

O Sr. González Amaro, sinala que algunha das cuestións que se propoñen na moción xa se están a facer, dí que o Concello é un dos de menos incidencia delictiva da provincia; sinala que existe un plan para trata de evitar os roubos sinalados no que colabora a policia local e a propia garda civil; en canto a gardas nocturnas sinala que para cubrir todos os días sería necesario máis persoal, xa que non chega solo co pago da nocturnidade xa que os policías locais teñen os seus descansos. Finaliza dicindo que o seu grupo vai a votar a prol, xa que como non podía ser doutra maneira interesalle mellorar en todos os aspectos e polo tanto tamén en seguridade.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para dicir que a súa moción susténtase nun informe do xefe da policia local; dí que as proposta de acordo son flexibles e de feito fala de acordos de colaboración con outros corpos e forzas de seguridade, en concreto en Ribadavia coa garda civil.

De seguido sométese a votación a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

SEGUNDA.-

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO TERMO MUNICIPAL DE RIBADAVIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O termo municipal de Ribadavia vese afectado por diferentes vías que son de titularidade estatal, autonómica e provincial. Pero as necesidades veciñais e a tranquilidade viaria non saben de competencias institucionais nin de titularidades administrativas.

Un futuro con beirarrúas humanizadas. Unha competencia autonómica.

O estado actual das beirarrúas que enlazan a vila de Ribadavia cos 3 núcleos principais do Concello como son San Paio, San Cristovo e Francelos, é un estado moi malo. Beirarrúas vellas, moi deterioradas, por lugares mesmo inexistente, con enormes obstáculos, e con unha arquitectura anticuada contraria á igualdade na accesibilidade e ao uso de carros ou cadeiras de rodas. Mención a parte merece a dificultade para o uso da bicicleta, xa que non existe ningunha infraestrutura para a súa práctica.

Puntos salientables moi concorridos compartidos por vehículos e peóns:

San Paio, hai varios puntos que teñen moito tránsito e mesmo ás veces con velocidades excesivas. Un deles é a estrada que une San Paio con Castrelo de Miño. Onde se fai necesario pasos de peóns e badéns que faciliten a vida da veciñanza que vive aquí.

Valdepereira, un punto perigoso é a ponte sobre o ferrocarril que enlaza San Paio con Valdepereira, xa que neste punto non existe ningunha protección para viandantes, mentres que é un paso concorrido para vehículos e peóns.

San Cristovo, ven de ser retirada pola Administración titular un paso de peóns na estrada que atravesa esta parroquia. O noso grupo non vai discutir esta retirada



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

sustentada en termos técnicos. Pero si solicitamos que se estableza un novo paso de peóns, máis ca necesario, onde sexa tecnicamente posible.

Neste núcleo chegaron a instalarse no pasado badéns que foron retirados. O noso grupo entende que debe plantexarse de novo a súa instalación. A súa localización debe ser acordada coa veciñanza, para ser trasladada a súa solicitude á Administración titular.

As beirarrúas atópanse en mal estado. Desde o Concello tense tramitado a solicitude desta demanda, incluíndo o arranxo da rede de sumidoiro e auga. É necesario que se retomen ditas solicitudes.

Francelos, o núcleo con maior poboación do Concello, despois da vila de Ribadavia. A estrada que as une é moi concorrido tanto por vehículos como por peóns. As beirarrúas están altamente deterioradas. A estrada con moito tránsito, e mesmo con tramos onde se pode adquirir unha velocidade alta, sendo foco de ubicación constante de controis das autoridades de tráfico.

A Franqueirán, o enlace da vila de Ribadavia co núcleo da Franqueirán é inexistente. Un núcleo tan cerca da vila e tan lonxe. Está sen humanizar. Baixar ou subir á pé faise incomodo e laborioso. Cruzar a estrada N-120 perigoso debido á alta velocidade que os vehículos adquiren neste tramo. Urxe por unha banda a instalación da rotonda no cruce que enlace por estrada este núcleo con Ribadavia, e por outra a instalación de un paso de peóns entre o camiño histórico que une o barrio da Oliveira coa Franqueirán.

Todas estas medidas deben vir avaladas por informes técnicos que validen a ubicación e características técnicas das medidas a implementar. O lóxico é que se instalen badéns nos puntos onde existen xa pasos de peóns. Onde non existen pasos de peóns, a instalación de badéns busca como obxectivo que se aminore a velocidade dos vehículos obtendo así unha mellor seguridade para peóns e viandantes, polo que ten todo o sentido que se instalen nas entradas destes núcleos de poboación.

Aínda que o criterio técnico debe ser primordial, desde a institución municipal debese actuar como axente dinamizador e iniciador dos trámites e proxectos que posibiliten que estas necesidades e demandas se poidan realizar e levar a cabo.

Resolver esta situación require unha importante fonte de recursos e un orzamento que o Concello de Ribadavia non é quen de afrontar por si só, máxime cando non é titular da maioría de vías. Neste sentido, é imprescindible involucrar neste proxecto a Administracións superiores como Xunta, Deputación e Ministerio de Fomento. A pesar disto, desde o Concello debese actuar con rapidez na tramitación destas demandas xustas e necesarias.

No pasado desde o Concello solicitouse e demandouse o arranxo de moitas das vías mencionadas. Neste sentido vese necesario que desde o Concello se volvan a tramitar ditas demandas.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

- 1. Que se elabore un Plan de Seguridade Viaria para Ribadavia, que polo menos conste de: arranxo de beirarrúas, establecemento de badéns e pasos de peóns.**
- 2. Se lle notifique ás Administracións titulares de ditas estradas as nosas solicitudes de badéns, rotondas e pasos de peóns.**
- 3. Se solicite desde o Concello ás Administracións titulares a implementación destas demandas.**
- 4. Se leven a cabo por parte do Concello os arranxos nas vías que son de titularidade municipal, ou que requiran dunha inversión menor pero urxente.**
- 5. Se coordine con todas as Administracións implicadas estas medidas aprobadas en Pleno Municipal, comprometéndose o Concello a participar na realización destas medidas e obras".**

De seguido sométese a votación a urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para dicir que na exposición de motivos sinalasen as deficiencias que se detectan, dí que faltan moitas máis se ben estas son as máis salientables; dí que a maioría das vías son de titularidade autonómica ou estatal, recoñecendo que no pasado xa se tomaron iniciativas neste sentido, polo que ben a solicitar que se retomen as reivindicacións do pasado.

O Sr. Vázquez López, manifesta que en liñas xerais está de acordo, se ben hai que ter en conta a situación económica do Concello e o feito de que a titularidade das vías é do Estado ou Xunta, polo que solicita que se adopten as medidas máis urxentes.

O Sr. Garcia Soto, considera unha moción importante a presentada, dí que a maioría son demandas veciñais, que hai que humanizar as rúas. Finaliza a súa intervención solicitando que se cumpra a ordenanza de circulación o respecto.

O Sr. Fernández Gil, dí que o que se expón na moción é un feito constatable; recorda unha moción aprobada no pleno para a colocación dun paso de peóns na rúa Martínez Vázquez cruce con Otero Pedrayo, paso que aínda non se colocou; sinala que hai que facer un diagnóstico dos problemas, finalizando a súa intervención solicitando a convocatoria dunha comisión informativa monográfica co tema do tráfico.

O Sr. González Amaro, sinala que todo o que se poida mellorar é positivo, dí que se trata de vías alleas a titularidade municipal, polo que solicita que cando o Concello tramite as correspondentes solicitudes por parte do resto dos concelleiros faga forza para se tomen en consideración as peticións realizadas dende o Concello.

De seguido sométese a votación a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

O Sr. Alcalde fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

" O GRUPO SOCIALISTA da Corporación do Concello de Ribadavia, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local e do Regulamento Orgánico



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

das Entidades Locais (ROF) presenta para ser incluída na orde do día para o seu debate polo Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En días pasados, os veciños de Ribadavia tivemos coñecemento de que un concelleiro do Partido Popular, Miguel García Domínguez, tiña débedas de varios impostos e de múltiples exercicios económicos ó longo dos pasados 10 anos (concretamente dende o ano 2006).

Aparte das consideracións de carácter xurídico sobre a inellexibilidade no seu momento e incompatibilidade para exercer o cargo, parécenos condenable que unha persoa que exerce o cargo de concelleiro e polo tanto decide sobre as cargas fiscais que deben afrontar os veciños non sexa exemplar no cumprimento das súas obrigas como cidadán.

Un concelleiro decide sobre o importe dos impostos, sobre cómo esixir o cobro a través de medidas coercitivas e sobre a regulación dese cobro aprobando ordenanzas fiscais.

Para poder esixirille ós veciños e tomar medidas que aseguren o cobro dos recursos públicos os representantes públicos deben ser exemplares.

Pero tamén deciden en qué se gasta o diñeiro recadado, cales son as prioridades, cales os servizos públicos que se prestan.

Para poder decidir sobre cómo se gasta o diñeiro de todos, cómo se xestionan os servizos públicos, que inversións se acomete é necesario que todos os veciños e máis os seus representantes cumpramos coas obrigas de contribuír o erario público.

Consideramos que a Corporación debe velar por que os seus membros manteñen uns principios de ética indubidables e unha autoridade moral exemplar ante os veciños, cuestión que neste caso concreto estase a poñer en dúbida.

Así a totalidade dos membros da Corporación debemos tomar medidas para asegurar a exemplaridade e integridade dos seus membros, esixindo responsabilidades a quen non o faga, sobre todo ante estas actitudes pouco exemplares para quen é administrador da cousa pública,

Polo exposto, os membros do Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte Proposta de **Acordo**:

1.- Manifestar a repulsa e rechazo de toda a Corporación Municipal a este tipo de comportamentos pouco éticos e exemplares para un representante dos veciños que pon en dúbida a autoridade moral e a integridade do resto dos membros da Corporación.

2.- Instar o grupo municipal do Partido Popular a que adopte medidas exemplarizantes para tratar de evitar comportamentos como estos, como esixir ó concelleiro Miguel García Domínguez que presente a súa renuncia ó cargo de concelleiro por non ser exemplar durante o tempo que leva desempeñando o cargo sendo debedor de varios impostos e taxas con este concello antes e durante o tempo do seu mandato ou ben que o expulsen do seu grupo municipal, de xeito que pase a integrar o denominado grupo mixto".



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén o Sr. Garcia Soto, para poñer en dúbida a urxencia da moción presentada, dí que se trata dunha moción partidista e o seu grupo non está disposto a participar neste tema polo que non vai a intervir no debate procedendo de seguido a abandonar o seu asento ubicándose no espacio reservado para o público.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que lle parece alucinante o que se está a dicir, sinala que cada ún responderá das súas actuacións ante os cidadans.

De seguido sométese a votación a urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Intervén o Sr. Iglesias Sendin, para sinalar que para o seu grupo está é unha moción incómoda, se ben ante as manifestacións dos membros do partido popular cando saíu a noticia no que se nos chamou ignorantes, que descoñeciamos a lexislación, poñían en dúbida os datos facilitados, fixo que tiveramos que presentar esta proposta, sinala que o único certo é que a data de hoxe o concelleiro implicado non ten débedas xa que xa se encargou de aboalas o día que saíu a noticia nos medios de comunicación; solicita que o P.P. explique en que mente o que non é verdade para poder rebatilos con datos e números.

O Sr. Vázquez López, dí que non estamos ante unha cuestión baladí; sinala que o día 16 de xuño de 2015 todos os concelleiros xuramos ou prometemos cumprir fielemente as obrigas do cargo, cuestión está que o concelleiro afectado incumpriu, polo que pensa que os concelleiros temos que dar exemplo, polo que vai a votar a prol da moción presentada.

O Sr. Fidalgo Martínez, intervén para dicir que estamos ante unha moción baseada en cuestións éticas, dí que estas cuestións son importantes para esixir a un cargo público, se ben no caso concreto entende que queda dentro da esfera persoal; dí que non se está a falar de legalidade senon de moralidade, sinala que suscribe varios párrafos da exposición de motivos, se ben pensa que se deberían extender tamén os traballadores municipais e as empresas que traballan para o Concello, de feito anuncia unha moción do seu grupo neste senso; dí que o seu grupo non dispón da mesma información que o grupo de goberno, solicita coñecer os datos de todos os concelleiros. Finaliza a súa intervención dicindo que o primeiro punto de acordo pode suscribilo se ben ten as súas dúbidas sobre o punto 2º, non lle parece congruente, xa que estamos a falar dunha cuestión interna dun partido.

O Sr. Fernández Gil, manifesta o voto en contra do seu grupo a moción presentada.

O Sr. Iglesias Sendin, dille o Sr. Fidalgo Martínez que as empresas para contratar co Concello deben estar o corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social; dí que os concelleiros tiveron e teñen todos os datos a súa disposición, sinalando que lle parece máis coherente a postura de P.P. de non falar sobre o tema que o papelon que hoxe están a facer o Sr. Fidalgo Martínez e o Sr. Garcia Soto; reitera que o Sr. Garcia Dominguez tivo tempo dabondo para regularizar a súa situación xa que a mesma remontase o a ano 2006.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. Vázquez López, sinala que un representante político debe cumprir coas súas obrigas e constanlle que o Concello da facilidades de pago sempre que haxa vontade do debedor e de feito exhibe o fraccionamento dunha débeda dun veciño en 30 mensualidades.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para sinalar que hai que dar conta de todas as cuestións non solo dos tributos municipais, dí que a política é outra cousa, non hai que andar con loitas políticas nin broncas que non conducen a resolver os problemas da xente; reitera que a ética abranque máis cuestións que as tributarias e recorda que él solidarizouse con Alcalde de Ribadavia cando foi reprobado na Deputación Provincial.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que lle parece desagradable que un concelleiro deixe de pagar impostos, chocalle a defensa dos membros de Ribeiro en Común e B.N.G. a este tipo de comportamentos, por un lado estase a xustificar que non se paguen impostos e por outro os afectados nin siquera se defenden o que lle parece paradóxico; preguntase que pasaría se algún membro do grupo de goberno non pagase os tributos municipais, dí que estamos a falar de actitudes non de cuestións partidistas e co que está a manifestar o Sr. Fidalgo Martínez estaría amparando o non pagar impostos, e por engadidura podería extenderse a todos os veciños; recorda que cando os concelleiros toman posesión deben facer unha declaración de bens e incompatibilidades, polo que haberá que comprobar se se dixo que se tiñan débedas coa facenda municipal, dille o Sr. Concelleiro que non ten nada contra él e recordalle o que ante diversas cuestións que se decían sobre o alcalde díxolle que "era política"; recordalle o Sr. Fidalgo Martínez que por cuestións menores pediron a dimisión do Concelleiro de deportes. Finaliza a súa intervención dicindo que ante o que hoxe está a suceder neste pleno, que se está amparando que os concelleiros non paguen impostos, e que o grupo de goberno non vai a ser o monco de boxeo de nadie, anuncia que nos vindeiros días presentarase unha cuestión de confianza e alí verase cal o posicionamento de cada grupo, invitando os grupos que agora están na oposición a que se unan e pasen a gobernar o Concello.

O Sr. Fidalgo Martínez, intervén para dicir que o seu grupo non pediu o cese do concelleiro de deportes, que tampouco está amparando que non se paguen impostos, dí que lle parece desproporcionado o comportamento do Alcalde e do grupo de goberno e pensa que se trata dunha actuación revanchista derivada doutras cuestións.

De seguido sométese a votación a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); votos en contra, seis (P.P. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común).- Dado que existe empate na votación, volvese de novo a votar a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); votos en contra, seis (P.P. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común).- Por conseguinte polo voto de calidade do Sr. Alcalde, fica aprobada a referida moción.

De seguido incorporase o seu asento Don Xacobe Garcia Soto, voceiro do grupo municipal do B.N.G..



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ROGOS E PREGUNTAS.-

De seguido o Sr. Alcalde procede a responder as preguntas formuladas en tempo e forma por escrito.

Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez fórmulanse os seguintes rogos:

1º ROGO.- En relación coa información sobre o Acordo de Colaboración entre o Concello e a empresa Auto Estampación. Cóstanos que non se aprobou a día de hoxe en ningún órgano municipal ningún acordo, que non existe nesta institución ningún documento que recolla por escrito ningún acordo entre o Concello e a empresa mencioanda.

Solicitamos:

- coñecer o documento de dito acordo, cando se xere, coñecer en que consiste, e o seu alcance legal. Solicitamos copia.
- coñecer os termos da “bolsa de emprego” á que se alude no anuncio municipal.
- Partindo da base de que sexa unha boa noticia que as potencias persoas contratadas teñan veciñanza no municipio de Ribadavia, polo que parabenizamos á equipa de goberno se isto se chega a producir. Mais non parece acaído que sexa o ente municipal quen xestione directamente os recursos humanos e a xestión dos curriculum vitae das persoas candidatas, esta labor debera ser da propia empresa contratante, cuestión que solicitamos de ser posible.

Intervén o Sr. Alcalde para dicirlle que cando o estime oportuno lle dará copia do acordo, sinala que do único que falou o Alcalde coa empresa é que na medida do posible os traballadores sexan do Concello de Ribadavia, se ben dille que cando integre o grupo de goberno poderá falar coa empresa e expoñerlle este tipo de cuestións.

2º ROGO.- En relación coa proposta do noso grupo incluída, a petición nosa, nos Orzamentos 2016 do Plan de Inserción SocioLaboral”. Solicitamos:

- Poder participar xunto á equipa técnica de Servizos Sociais e xunto á concelleira titular desta responsabilidade na concreción e implementación de dito Plan.

Intervén o Sr. Alcalde para dicirlle que cando integre o grupo de goberno vaia a ter a oportunidade de intervir e mellorar ditas cuestións.

3º ROGO.- En relación coas obras no CRA de Francelos. Solicitamos: Se proceda a melloras que aínda non foron executadas.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que se implementaran as melloras, se ben chocalle que fale desta obra cando votou en contra.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez para dicir que esta errado, que votou a prol da mesma.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Resposta o Alcalde para dicir que é certo, o que votou en contra foi o B.N.G..

De seguido o Sr. Fidalgo Martínez, sinala que ten máis rogos e preguntas, se ben tal como está a transcurrir a sesión plenaria, as presentará por escrito.

1ª PREGUNTA.-

Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López formúlase o seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Reitera que se retiren os paneis informativos existentes en desuso no Concello así como se proceda a reparación das fontes que non funcionan.

2º ROGO.- En relación coa recente colocación dun panel informativo da Vila termal de Prexigueiro, solicita que se requira a quen corresponda para que se coloque nun lugar axeitado xa que está debaixo da ponte.

3º ROGO.- Na marxen esquerda do río Miño na zona da ponte de San Francisco, debaixo da casa sindical hai material despositado que debería recollese.

4º ROGO.- Que se reponñan os espellos que faltan en diversos cruces desta localidade, en concreto fala da rúa Otero Pedrayo e Ruben Garcia entre outros.

Intervén o Sr. Alcalde para agradecer o traballo de todos os concelleiros do grupo de goberno, xa que están a facer un traballo encomiable e de xeito gratuito, sinalando que todas as deficiencias que poida haber as asume o Alcalde na súa persoa.

PREGUNTA.- Interesalle saber o estado de tramitación do P.X.O.M..

Resposta o Sr. Alcalde: Remitiuse o solicitado a Urbanismo e agora no prazo de dous meses nos deberían respostar.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Fernández Gil formúlanse as seguintes preguntas:

1ª PREGUNTA.- Hai catro meses que o colectivo dos taxistas solicitou unha reunión polo tema da parada de taxi a a data de hoxe non se tivo, polo que pregunta cando se vai a celebrar.

Resposta o Sr. Alcalde: A reunión terase co concelleiro de servicios, sempre que de tempo antes da celebración do pleno no que se sometará a cuestión de confianza.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2ª PREGUNTA.- En relación coa bolsa de emprego coa empresa Autoestampacions Galicia, dí que no ano 2014 fixose algo parecido polo que solicita saber cal foi o resultado desa bolsa en canto a colocación dos solicitantes.

Resposta o Sr. Alcalde: Descoñece o estado xa que non pertencece a empresa, se ben lle dixeron que se creaba esta nova bolsa xa que na anterior habian rotado todas as persoas.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Sotelo Barroso formúlanse os seguintes rogos:

1º ROGO.- Rogaríalle se poña a boca de rego que falta na subida cara San Paio o lado da igrexa.

2º ROGO.- Rogaríalle que os partes da policía local se pasen por rexistro, xa que lle constan que algúns non pasan.

3º ROGO.- Rogaríalle se corte unha palmeira que hai no entorno de Santo Domingo e se atopa en mal estado.

4º ROGO.- Rogaríalle se cambie de ubicación o colector existente na zona da rúa Progreso para poder colocar o camello que secou motivado polo mesmo.

Concluído o anterior, ás dez menos cuarto da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*